



RENOVACIÓN PARCIAL DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR

De conformidade co establecido na **RESOLUCIÓN do 10 de setembro de 2024**, da **Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa**, pola que se establece o **calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG 18.09.2024)**, comeza o proceso para a renovación parcial dos membros do Consello Escolar do Centro.

A esta renovación parcial, que se fai por metades e cada dous anos, temos que engadirlle unha **circunstancia excepcional**. Á parte desta renovación, o noso centro **augmenta unha unidade** segundo a ORDE do 2 de agosto de 2024 pola que se modifican as unidades e os postos de traballo docentes dos centros públicos dependentes desta consellería nos niveis de educación infantil, educación primaria e educación especial, pasando a ter 8 unidades. Debido a esta circunstancia (**O centro sofre un incremento histórico de tamaño**) o Consello Escolar incrementa o número de representantes en varios sectores, pasando de ter 3 a 5 representantes das familias, e de 3 a 5 representantes de profesorado, ademais da incorporación dun/ha representante de administración e servizos que antes non tiña.

COMPOSICIÓN ACTUAL DO CONSELLO

- Director
- Xefa de estudos
- Secretaria do centro que actuará como secretaria do consello con voz pero sen voto.
- 3 representantes das familias.
- 3 representantes de profesorado.
- Representante do Concello

RENOVACIÓN/AMPLIACIÓN DO NOVO CONSELLO

- 3 Representantes de familias
- 1 representante ANPA
- 5 Representantes de profesorado
- 1 Representante do Concello
- 1 Representante de administración e servizos.

A **Xunta Electoral** encargárase da organización e supervisión do procedemento de elección dos membros do Consello Escolar. Constituirase para esta función, e estará integrada por: O director do centro, un mestre/a, un pai/nai ou titor legal. Un representante do persoal de administración e servizos.

Os tres últimos serán designados por SORTEO segundo establece o artigo 30 do Decreto 92/1988, do 28 de abril, redactado conforme ó establecido na disposición adicional primeira do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 9 de agosto). Dito sorteo, que será público, celebrarase neste Centro o vindeiro LUNS DÍA 21 DE OUTUBRO ÁS 12:30h

Á data da sinatura dixital.

O director
Francisco Vidal Villameitide

